

# A VOZ DE Barbantia

Aurora Marco  
CATEDRÁTICA E ENSAÍSTA

## «O século XXI será o século das mulleres»

Aurora Marco é unha noieira comprometida coa lingua e co papel das mulleres na sociedade galega ás que quere rescatar dos esquecemento histórico

### Pastor Rodríguez

■ Herdo do seu mestre Carvalho Calero a súa implicación coa cultura galega, de quen é biógrafa, así como do seu paisano e amigo Antón Avilés de Taramancos, ademais, Aurora Marco é unha comprometida coa lingua e o papel da muller. Falamos do seu traballo e as súas inquedanzas.

—Comezaches facendo estudos sobre a lingua dos clásicos do XIX, ¿segues interesada neste traballo?

—Comecei con traballos sobre López Ferreiro e Pintos Villar na década de 1970, para analizar a lingua, porque se estaban dando os primeiros pasos da introdución do galego no ensino e na vida pública. Sigo interesada en todo o que ten que ver coa lingua, mais nestes anos traballei sobre lingua e xénero e dediqueime máis á literatura galega e a súa didáctica e á recuperación da memoria das mulleres.

—Unha pregunta ineludible, ¿cal crees que é a situación da lingua galega hoxe e o seu futuro?

—Preocupante, cunha perda alarmante de galego-falantes, sobre todo na mocidade. A situación ambiental non favorece o seu uso. Non haberá unha auténtica normalización do galego se non se instala en todos os ámbitos. Galiza ten unha lingua de seu que non se pode desvincular da realidade e que é elemento esencial na configuración da nosa nación. Canto ao futuro, o galego vive nunha situación inestábel porque convive co castelán que posúe maior potencia social.

—Recentemente chegouse a un novo acordo sobre a normativa do galego, ¿cal é a túa valoración?

—Houbo unha reforma parcial, mais non houbo un consenso normativo ao ficaren excluídos outros colectivos. O movemento reintegracionista e outros valorizaron a reforma como insuficiente, xa que non alivia a dependencia ortográfica do galego a respecto do castelán. Eu adoptei esta normativa insuficiente, mais público tamén na de AGAL.

—¿Cando sae o dicionario de mulleres galegas?

—Sairá a fin de ano. Tentei recuperar o maior número posible de mulleres de todos os ámbitos, dende as orixes até 1975. Sería imposible chegar até a actualidade, pois de 1975 a 2005 a participación das mulleres aumentou. Están todas as que deben entrar nunha

Historia das mulleres galegas, que aínda ten moitas páxinas en branco.

—¿Estamos a ensinar correctamente galego no ensino?

—Tudo é mellorable, o ensino do galego tamén. Hai que reciclarse constantemente e cos anos aprendes a ensinar mellor. É fundamental a actitude coa que se encara a aprendizaxe. Hai que poñer en práctica unha metodoloxía activa, participativa, eliminando os preconceitos sobre a lingua.

—¿Como valoras aquel volume pioneiro que foi «As precursoras»?

—Tivo boa acollida, xa que é un libro que conseguía rescatar do esquecemento a moitas mulleres, marcou un punto de partida e abriu un novo campo para investigacións futuras, como sinalou Manuel María, que salientou o esforzo realizado para recoller os materiais desta obra.

—¿Que proxectos de futura publicación tes?

—Estou centrada no Ano da Memoria e ando a voltas cunha investigación sobre a participación das mulleres no movemento de resistencia antifranquista dos anos corenta en Galiza. Teño tamén pendente dende hai tempo un libro sobre Lisardo Barreiro.

—¿Cofécese no resto de España a literatura galega?

—Non, para nada. Cofécense algúns escritores e unha escritora: Rosalía, Cunqueiro, Rivas, Suso de Toro e poucos máis. Mágoa porque a literatura galega, a diferenza da lingua, pasa por un bon momento. É algo diferente a situación de autores e autoras de libros para público infantil e xuvenil, algúns máis coñecidos porque conseguiron premios prestixiosos a nivel estatal.

—¿Esta ben deseñado o Día das Letras Galegas? ¿Que cambiarías?

—O Día das Letras Galegas, tal como está concibido, non ten moito sentido hoxe. Hai algo positivo: a divulgación da obra do autor homenaxeado, e non digo autora, porque só hai dúas mulleres entre corenta e dous homes. Non debería

haber un Día das Letras senón 365 días. Suprimiría o facelo festivo, sacaríalo dos círculos pechados académicos e esquecería a foto fixa da cerimonia institucional. Hai que involucrar á sociedade e converter ese día nun espazo de reflexión, análise e reivindicación dunha política lingüística normalizadora.

—¿Que papel ten o feminismo na configuración da Galiza do futuro?

—Un papel fulcral, como no resto do mundo. O século XXI vai ser o século das mulleres porque están demostrando a súa valía en todos os terreos da vida. Somos a metade da humanidade e, como lembrou Xohana Torres, «as mulleres sostemos a metade do ceo».



LEANDRO

PERFIL

## Unha notaria do labor feminino

■ Aurora Marco López (Teruel, 1948), doutora en Filoloxía Románica, con trinta e seis anos impartindo aulas, comezou a súa andaina na cultura galega como estudiosa da lingua dos escritores do século XIX, de Pintos a López Ferreiro, sen esquecer que, como licenza de mocidade, algúns dos seus contos apareceron na revista *Grial*, mercé a Carvalho Calero, o seu mestre.

Prefire a poesía aos outros xéneros e ten moi claras as súas preferencias entre os autores do século XX: Canqueiro, Otero, Carvalho Calero, María Mariño, Avilés, Luz Pozo e Xohana Torres.

Biógrafa do seu mestre, Carvalho, e de Avilés de Taramancos, *O franco tirador da fermosura*, considera a este un poeta de voz poderosísima, o poeta da terra, do mar e do amor. O seu volume *As precursoras* (1993) marcou un antes e un despois no estudo da escrita das mulleres galegas, mais non só as escritoras mereceron a súa atención, senón tamén todas as mulleres que participaron activamente na construción de Galiza e así o amosa a obra *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras* (2003), e aínda será máis evidente cando apareza o seu dicionario de mulleres galegas e o seu traballo sobre as guerrilleiras.

Non esquece o estado de moitos autores e autoras dos séculos XIX e XX, de Emiliano Balás a Avelina Valladares ou Áurea Lorenzo, xa que cre que aínda quedan moitas cousas por saber da nosa literatura pasada.

Editora de clásicos como López Ferreiro, *O castelo de Pambre* (1981), Otero Pedrayo, *Prosa miúda* (1988), Rodríguez López, *O teatro de Xesús Rodríguez López* (1988), sen esquecer biografías como *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero* (1992).

A súa traxectoria está avalada polos premios Tomás Barros de investigación teatral en 1991 e o Anxel Fole de ensaio en 1992.